



COMUNICACIÓN DE FOGUEIRAS SAN XOÁN 2022

SOLICITANTE – (Particular ou empresa de hostalaría)

| | |
|---|-----------------|
| NOME E APELIDOS OU RAZON SOCIAL: | NIF/CIF: |
| ENDEREZO: | TELÉFONO |

DATOS DA FOGUEIRA

| |
|--|
| UBICACIÓN EXACTA: |
| TIPO: <input type="checkbox"/> FOGUEIRA <input type="checkbox"/> SARDIÑADA <input type="checkbox"/> FOGUEIRA / SARDIÑADA |

Lin e acepto as normas de seguridade aplicables nesta solicitude.

Melide, _____ de _____ de 2022

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MELIDE

NORMAS PARA A ELABORACIÓN DAS FOGUEIRAS

1. Queda prohibido realizar fogueiras na Área Recreativa de Furelos, Parque Rosalía de Castro e zonas verdes de titularidade pública. Na Área Recreativa de Furelos tampouco está permitido o uso das parrillas.
2. **As Fogueiras terán que distar un mínimo de 12 metros de edificacións e árbores.** O diámetro máximo de zona de combustión será de 4 metros de ancho, cunha altura máxima de 2 metros.
3. Os **materiais permitidos** para empregar na combustión serán: leña, pólas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase. **Os materiais prohibidos** para empregar na combustión serán: pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con PVC en xeral e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calquera substancia explosiva. Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.
4. Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.
5. Cando a fogueira se realice sobre terreos de uso público enlousados, os responsables da fogueira encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de área de alomenos 10 centímetros.
6. A persoa que asine a presente solicitude será o responsable do cumprimento das presentes normas e terá a obriga de vixiar que as cinzas queden totalmente apagadas, debendo retirar todos os restos do lume antes de 48 horas.

EN CASO DE EMERXENCIA: CHAMAR AO 112.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCION DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MELIDE, con dirección PRAZA DO CONVENTO, Nº5, 15800 - MELIDE (A CORUÑA); correo@concellodemelide.gal.

1.- Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

2.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- Destinatarios de cesións. Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos negociados do Concello.

4.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE MELIDE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@concellodemelide.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

NOME E APELIDOS:

DNI N°:

ASDO: